



BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE AXUDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN PARA O ANO 2022.

PRIMEIRA. Disposicións xerais

1 Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e procedemento para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Boqueixón para a realización de actividades, investimentos ou gastos correntes que complementen ou suplan os atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses do municipio.

2 Os principios aplicables serán os de obxectividade, transparencia, igualdade, concorrencia e publicidade.

3 A tramitación será telemática e aplicarase a todas as fases do procedemento: solicitude, concesión, xustificación, desistencia e renuncia, incluíndo en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e emenda de deficiencias, así como os envíos de documentación que sexan necesarios para tramitar os expedientes.

4 A entidade deberá dispoñer dun único enderezo de correo electrónico de contacto durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificando, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando lle notifique a circunstancia ao concello de Boqueixón.

5 Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non cubran nos cuestionarios telemáticos os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

6 A documentación terá que vir asinada dixitalmente. Para tal fin o/a presidente/a da asociación deberá estar en posesión do correspondente certificado dixital de representante da entidade.

7 A documentación deberá vir asinada con certificado dixital como se indica:

- No caso das **declaracións, compromisos e outra documentación**, pola presidencia ou persoa que represente a entidade.
- No caso das **certificacións**, pola secretaría co visto e prace da presidencia ou persoa na que delegue.



- No caso das **certificacións de gastos e ingresos**, quen exerza as funcións financeiras ou de tesourería e a persoa que exerza a representación legal da entidade.

Para estes efectos, terán que dispoñer de certificado dixital:

- Quen ocupe a presidencia da entidade ou quen teña delegadas as súas funcións
- Quen ocupe a Secretaría da entidade
- Quen exerza funcións financeiras ou de tesourería

A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

SEGUNDA. Réxime xurídico aplicable.

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación a normativa seguinte:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

TERCEIRA. Obxecto e finalidade

Esta convocatoria ten por obxecto outorgar subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o financiamento de programas ou proxectos de actividades e investimentos, levados a cabo polas entidades sen ánimo de lucro do concello de Boqueixón, coa finalidade



de promover e dinamizar a participación activa da veciñanza e do tecido asociativo.

CUARTA. Destinatarios e requisitos.

Poderán acceder á condición de beneficiarias as entidades privadas sen ánimo de lucro legalmente constituídas, que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas e figurar inscritas no rexistro municipal de asociacións e os seus datos debidamente actualizados no momento de solicitar a subvención.
- Contar con domicilio social e fiscal no Concello de Boqueixón.
- Acreditar un mínimo de oito socios/as na data de presentación de solicitudes.
- Figurar entre os seus fins os coincidentes co obxecto da subvención, segundo os seus propios estatutos.
- Ter xustificadas as subvencións anteriormente outorgadas polo concello de Boqueixón, a non ser que se lles outorgara unha prórroga.
- Atoparse ao corrente do pago de deberes por reintegro de subvencións e estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Comunidade Autónoma e fronte á Seguridade Social e co concello de Boqueixón.
- Non estar incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA. Exclusiones e compatibilidades

Non poderán optar a estas subvencións as entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvención nin aquelas que teñan solicitado ou recibido calquera outra subvención por parte do concello de Boqueixón, con cargo ao exercicio presupostario 2022.

As axudas deste programa son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea o de organismos internacionais, sempre que o importe total do conxunto das mesmas non supere o custo total do proxecto, sen prexuízo da obriga de comunicar ao concello a súa obtención e coa excepción prevista no parágrafo primeiro.

SEXTA. Gastos subvencionables e non subvencionables.

Os gastos deberán realizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á



finalización do período de xustificación.

Gastos subvencionables:

Poderán ser subvencionados os gastos que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades ou proxectos subvencionados tales como gastos de persoal, servizos profesionais para realización de actividades, alugueres, material inventariable e non inventariable, publicidade, transportes, etc...

En todo caso, deberá acreditarse fidedignamente no correspondente xustificante de gasto que o mesmo está directamente relacionado coa actividade de que se trate.

Gastos non subvencionables

En ningún caso serán subvencionables:

- Intereses, recargas e sancións administrativos e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.
- Impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.
- Os gastos de adquisición de bebidas alcohólicas, produtos alimenticios e, en xeral, os realizados en concepto de “comidas, ceas, petiscos, etcétera”, agás se eses gastos están directamente relacionados coa actividade subvencionada, sen que en ningún caso poidan superar o 40% do orzamento inicial, ou do gasto executado se é menor, acreditando estes cos correspondentes xustificantes de gasto e a acreditación do seu pago efectivo.
- Actividades que teñan como único ou principal obxectivo a celebración dunha comida entre os membros da asociación, sen considerar como tales as festas de exaltación gastronómica.
- Realización de obras.
- Gastos correntes (facturas de luz, teléfono, auga, internet, material de oficina, xestoría, combustibles e calquera outro similar).

SÉTIMA. Contía das axudas e dispoñibilidade orzamentaria

Estas axudas fináncianse con cargo ao Orzamento do exercicio 2022 do Concello de Boqueixón na aplicación orzamentaria 924.480.00, por un importe de 16.000 €.

O importe máximo a percibir por cada entidade non poderá superar os 1.000 euros.



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

O importe individual da achega outorgada ao abeiro desta convocatoria non poderá superar o 80% do orzamento subvencionable.

Enténdese por orzamento subvencionado o gasto total ao que ascende a actividade para a que se pretenda a subvención, segundo conste na solicitude formulada pola entidade interesada.

Defínese o coeficiente de financiación como o coeficiente existente entre a achega outorgada e o orzamento subvencionado. O coeficiente de financiación será aplicado sobre o gasto validamente xustificado, co fin de determinar o importe final da aportación que lle vai a corresponder á persoa beneficiaria.

En consecuencia, para percibir o importe íntegro da subvención outorgada, a persoa beneficiaria terá que xustificar, como mínimo, un gasto polo importe total do proxecto achegado. Realizarase a correspondente minoración no caso de non xustificarse na súa totalidade.

OITAVA. Procedemento de solicitude.

Conforme ao artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse coa administración a través dos medios electrónicos.

As entidades interesadas en participar nesta convocatoria deberán presentar unha única solicitude a través da Sede electrónica do concello de Boqueixón (<https://sede.boqueixon.com/opencms/es/procedimientosytramites/index.html#subvenciones>) con acceso a través da web www.boqueixon.gal (Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas).

Se algunha das entidades interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que emende a través da presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación das solicitudes aquela na que se efectuase a emenda.

O prazo de presentación das solicitudes será de **30 días naturais** a computar dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP. No caso de finalizar en día inhábil, este prazo entenderase estendido ata o inmediato día hábil posterior.

A solicitude será presentada polo representante legal da entidade ou persoa en quen delegue e a persoa que ocupe ese cargo terá que constar como tal no Rexistro Municipal de Asociacións.



Documentación a achegar:

As solicitudes terán que cubrirse nos modelos normalizados que figuran como anexos destas bases:

Anexo I	Solicitud de subvención
Anexo II	Proxecto ou memoria detallada da actividade/investimento para o que se solicita a subvención.
Anexo III	Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o art. 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e que polo tanto, cumpre todos e cada un dos requisitos que están vixentes para obter a condición de beneficiaria e declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas para o mesmo fin.
Anexo IV	Certificado da composición da actual xunta directiva da asociación e do número de persoas asociadas.

Documentación complementaria:

- a) Certificado de non ter débedas coas Administracións Públicas con potestade tributaria e coa Seguridade Social emitido por estes organismos.
- a) Estatutos da entidade.
- b) DNI da persoa representante legal da asociación.
- c) CIF da asociación.
- d) Certificado IBAN de datos bancarios da entidade solicitante.
- e) A documentación relativa aos apartados b,c,d, e non será necesaria no caso de habela presentado na convocatoria anterior e non sufrira variación.

NOVENA. Tramitación e resolución

Tramitación.

O procedemento de concesión da subvención tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co disposto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Para os efectos desta lei, terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións se realiza mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa fin de establecer unha prelación entre estas de acordo cos criterios de valoración fixados nestas bases reguladoras e na súa posterior convocatoria, e adjudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obteñan maior valoración en aplicación dos citados criterios.

A convocatoria será tramitada polo Departamento de Cultura do concello que terá o carácter de órgano xestor para os efectos indicados na normativa reguladora das subvencións públicas.



Valoración das solicitudes

A selección das solicitudes e a contía das subvencións determinarase, unha vez considerados os gastos a realizar, conforme ao seguinte baremo:

CRITERIOS				Puntuación máxima
RELATIVOS Á ENTIDADE SOLICITANTE	Porcentaxe de cofinanciamento por medio de achegas económicas das entidades, patrocinios e outras axudas e subvencións ou ingresos.	maior do 60%	10 puntos	10 puntos
		entre o 41% e o 60 %	5 puntos	
		entre o 30% e o 40 %	3 puntos	
	Número de persoas asociadas da entidade.	máis de 40 persoas asociadas	10 puntos	10 puntos
	de 15 a 40 socios/as	5 puntos		
RELATIVOS AO PROXECTO	Viabilidade: contexto, pertinencia, coherencia e descrición clara das actividades e obxectivos.			20 puntos
	Beneficiarios directos	máis de 20: 10 puntos		10 puntos
		ata 20: 5 puntos		
	Beneficiarios indirectos	máis de 100: 10 puntos		10 puntos
		ata 100: 5 puntos		
	Elementos innovadores de interese.			10 puntos
	Traxectoria e continuidade da proposta.			10 puntos
	Coordinación con outras entidades e iniciativas da contorna.			10 puntos
Emprego da lingua galega na redacción do proxecto e no desenvolvemento das actuacións.			10 puntos	

No caso de que a Unidade Xestora, detecte calquera deficiencia referida á solicitude ou documentación achegada, realizará requirimento ao solicitante, para que a emende a través da Sede Electrónica, dispoñendo dun prazo de 10 días naturais para aceptar a notificación e 10



días hábiles desde a aceptación para a corrección das deficiencias requiridas. No caso de que o/a solicitante non emende neste prazo, teráse por desistido da súa solicitude.

Logo de que o servizo correspondente, con carácter de órgano instrutor do procedemento de concesión, teña determinado as solicitudes recibidas e, se é o caso emendadas, que reúnen todos os requisitos regulados nestas bases, procederá a facer unha valoración e asignación de puntos a cada solicitude, aplicando os criterios establecidos na convocatoria.

En función dos puntos asignados, e dentro do límite máximo do crédito dispoñible, o servizo instrutor realizará proposta motivada, na que expresará a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención e a súa contía, así coma as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite.

O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución. Sen prexuízo do disposto con anterioridade, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade solicitante que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

Logo da preceptiva fiscalización do órgano interventor, sobre a proposta realizada polo servizo instrutor, o órgano competente para a resolución designado pola lexislación do réxime local ditará resolución de concesión provisional, que deberá notificárselles ás persoas interesadas concedéndolles un prazo de dez naturais para presentaren as alegacións que estimen oportunas ou se é o caso, a desistencia da solicitude.

As alegacións que, de ser o caso, presenten as persoas interesadas, deberán ser estudadas polo órgano instrutor e, unha vez emitido o correspondente informe-proposta, remitiranse ao órgano interventor para a súa fiscalización. Con base nese informe-proposta, o órgano competente ditará a resolución definitiva de concesión.

No caso de que non se presentaran alegacións no prazo establecido para o efecto, a resolución ata entón provisional terá o carácter de definitiva.

No caso de non formular desistencia expresa, a subvención entenderase aceptada tacitamente.

DÉCIMA. Prazo de resolución e notificación

O prazo máximo para resolver será de 9 meses contados desde o día de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O órgano competente para a resolver o expediente é a Xunta de Goberno Local.



O acordo de resolución conterá a relación de solicitudes ás que se lles concede a subvención e a desestimación expresa das restantes solicitudes e expresará o obxecto da subvención outorgada/denegada, a contía concedida, o coeficiente de financiación correspondente e o orzamento subvencionado.

Notificaráselle aos interesados segundo o previsto no artigo 40 da Lei 39/2015 e publicarase no BOP segundo o regulado no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015 por ser un acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva. A notificación efectuarase telematicamente nos termos do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O acordo porá fin á vía administrativa e contra o mesmo, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo dispoñen o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e o artigo 52.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Tamén poderá interpoñer contra o acordo un recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

En todo caso poderá utilizar calquera outro recurso que estime oportuno.

O acordo de concesión quedará sometido á condición suspensiva indicada na base sétima. Cumprida esta condición, a concesión en firme das subvencións xerará un dereito a favor da persoa beneficiaria e o correlativo compromiso para o concello, compromiso que só será esixible cando se acredite o cumprimento das finalidades que motivaron súa concesión e prazo e forma.

DÉCIMO PRIMEIRA. Aceptación da subvención.

No prazo de 10 días naturais seguintes ao da publicación da concesión, os/as beneficiarios/as das axudas, deberán comunicarlle ao concello, por escrito, a renuncia. Se transcorrido ese prazo non se fixera manifestación expresa en ningún sentido, entenderase aceptada a axuda outorgada.

DÉCIMO SEGUNDA. Publicidade das subvencións concedidas

O concello de Boqueixón publicará as subvencións concedidas na Base de Datos Nacional de Subvenciones. O concello entenderá cumprida a obriga de dispor dun Rexistro Público de



Axudas, Subvencións e Convenios, ao que se refire a disposición adicional sexta da Lei de subvencións de Galicia, mediante a publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións da información disposta no artigo 20 da Lei 38/2003.

DÉCIMO TERCEIRA. Reformulación de solicitudes

Cando o importe da subvención outorgada sexa inferior ao importe solicitado, entenderase automaticamente reformulada a solicitude de subvención.

DÉCIMO CUARTA. Cambios de obxecto

Non se admitirán cambios de obxecto. O simple cambio dalgún dos conceptos de gasto subvencionados non se considerará cambio de obxecto, tampouco o cambio de lugar onde se faga a actividade, pero terá que comunicarlle telematicamente ao concello esa circunstancia antes de que se produza.

DÉCIMO QUINTA. Xustificación e pago

Prazo de xustificación

O prazo de xustificación finalizará o 31 de xaneiro de 2023, excepto que se outorgue unha prórroga, antes da finalización do prazo e a instancia de parte.

Este prazo poderá ampliarse ata o 31 de marzo de 2023, como máximo; esta ampliación poderá realizarse a solicitude de persoa interesada, realizada antes do 31 de decembro de 2022, ou a proposta razoada da unidade xestora.

Documentación xustificativa

Para os efectos do indicado no artigo 31 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, considérase gasto efectivamente realizado o documentado segundo o indicado no seguinte parágrafo. É requisito necesario o pago con anterioridade á finalización do período de xustificación que se indica nesta base.

A xustificación da subvención concedida levarase a cabo mediante a presentación da conta xustificativa nos termos recollidos no artigo 28 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, segundo os modelos normalizados que se achegan e que, en todo caso, deberá conter:

- a) Unha breve memoria do investimento / actividade realizados, obxecto de subvención (Anexo V)
- b) Certificación do gasto que se xustifica, con especificación do importe total da/as factura/as e o importe imputado ao proxecto dos distintos conceptos de gastos subvencionables



aprobados na solicitude (Anexo VI)

- c) Declaración doutras axudas e ingresos obtidos para o mesmo obxecto.(ANEXO VII)
- d) Certificado de non ter débedas coas Administracións Públicas con potestade tributaria e coa Seguridade Social emitido por estes organismos.
- e) Facturas orixinais ou documentos equivalentes que deben cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Os datos mínimos que deberán conter son: identificación das persoas acreedoras (nome da empresa, domicilio e NIF/CIF), n.º de factura ou documento equivalente, data de emisión, importe con impostos desagregados, data de pago (cando proceda) e o concepto detallado do gasto.
 - Os beneficiarios/as das subvencións teñen que utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiros que podan acreditarse documentalmente (tarxetas de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias, etcétera).
 - Os xustificantes bancarios de pago deberán indicar: emisor e receptor do pago, número de factura obxecto de pago e data do mesmo.
 - Só se admiten pagos en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa e en todo caso para gastos non superiores a 150 €. Cando a factura sexa pagada en efectivo, deberá aparecer na mesma a indicación “Pago” ou “Recibín”, data e sinatura e DNI de quen recibe o pagamento.
 - Cando a factura sexa pagada mediante transferencia bancaria, cheque ou tarxeta deberá achegarse o correspondente xustificante que xustifique o ingreso na conta do beneficiario/a.
- f) Acreditación da realización das actividades/investmentos mediante memoria fotográfica (de ser o caso) e publicidade do financiamento público por parte do concello mediante os medios que se estimen oportunos.
- g) Calquera outra documentación que sexa requirida pola Intervención municipal para a correcta xustificación da subvención.

Logo do preceptivo informe de comprobación do cumprimento dos requisitos indicados nas bases reguladoras e do informe de fiscalización do órgano interventor, ditarase a resolución de aprobación da conta xustificativa ou, se é o caso, de anulación e perda do dereito ao cobro.

Emitida resolución de pagamento, a tesourería preparará a orde de transferencia correspondente na conta bancaria designada pola entidade beneficiaria.



O pagamento das subvencións efectuarase nun prazo máximo de 3 meses desde a súa correcta xustificación mediante transferencia bancaria ao número de conta facilitado pola entidade.

Entenderase formulada renuncia á subvención concedida por aquelas entidades que sendo beneficiarias non presenten dentro do prazo sinalado a xustificación da subvención.

DÉCIMO SEXTA. Obrigas das entidades beneficiarias

- a) Cumprir todas as estipulacións nestas bases e no marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- a) Realizar as actividades, investimentos e/ou gastos correntes que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización.
- b) Destinar a subvención exclusivamente aos fins para a que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo concello.
- c) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse dos investimentos, realización dos programas e actividades (sendo obrigatorio a concertación dun seguro de responsabilidade civil no seu caso).
- d) Comunicar calquera modificación sustancial que se produza no obxecto da solicitude.
- e) Someterse ao seguimento, control e comprobación de execución das actividades obxecto da subvención que estime procedente levar a cabo o concello, segundo o disposto no art. 46 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- f) Informar e dar publicidade da subvención, facendo constar nun lugar destacado a participación do concello.

DÉCIMO SÉTIMA. Reintegro de subvencións, infraccións e sancións

1 O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas nestas bases poderá implicar o deber de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos intereses de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a orixe do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2 Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3 Para os supostos do atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza que resulte aplicable.



DÉCIMO OITAVA. Control financeiro do concello e dos órganos de control externo.

1 Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a asociación poderá ser escollida pola Secretaría-Intervención para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron outorgados, a correcta financiación da actividade e o cumprimento de todos os demais deberes formais e materiais que lle impón este convenio de colaboración.

2 Igualmente, conforme ao disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a asociación queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas, aos procedementos de axuízamento contable que poda incoar o Tribunal de Contas e calquera outro órgano de control, nacional ou europeo

DÉCIMO NOVENA. Protección de datos persoais.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Boqueixón coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Boqueixón ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

VIXÉSIMA. Disposición final

En todo o non previsto nestas bases, aplicarase o disposto nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Boqueixón para o ano 2022, e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006 do 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da Lei Xeral de subvencións Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Procedemento AXUDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN PARA O ANO 2022	Documento ANEXO I SOLICITUDE
---	--

DATOS DO SOLICITANTE

NOME DA ENTIDADE:	
ENDEREZO:	C.P.:
LOCALIDADE:	PROVINCIA:
TELÉFONO:	ENDEREZO ELECTRÓNICO:
NÚMERO DE INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS:	

DATOS DO REPRESENTANTE

NOME E APELIDOS: DNI:	EN CALIDADE DE:
--------------------------	-----------------

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO:	CP :	LOCALIDADE:
TELÉFONO:	ENDEREZO ELECTRÓNICO:	

DATOS BANCARIOS

TITULAR:	ES					
----------	----	--	--	--	--	--

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

Memoria de actividades/incrementos. Anexo II
Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións a que se refire o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do conxunto de todas as axudas solicitadas para o mesmo fin e outras.s. Anexo III
Certificado da composición da actual Xunta Directiva e do número de socios/as da entidade. Anexo IV
Certificacións de non débedas tributarias (AEAT e ATRIGA) nin coa Seguridade Social.
Estatutos da entidade
DNI da persoa que ostenta a representación da asociación.
CIF da entidade
Certificado IBAN
Os seguintes documentos foron presentados na anterior convocatoria e non existe variación (citar):

ORZAMENTO

Orzamento total:	Subvención solicitada:	Porcentaxe financiamento entidade (mínimo 20%) : %
------------------	------------------------	--

Boqueixón, ____ de ____ de 2022

Sinatura do/da solicitante



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Procedemento AXUDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN PARA O ANO 2022	Documento ANEXO II MEMORIA DETALLADA DO OBXECTO DA SUBVENCIÓN
---	---

Nome da entidade	
Obxecto da axuda	

Fundamentación: Interese da proposta
Obxectivos: Finalidade que se pretende conseguir e relación cos fins da asociación.
Poboación beneficiaria: Perfil e número de beneficiarios directos e indirectos.
Descrición do obxecto de solicitude
Metodoloxía: Forma de traballo e de organización que se vai empregar (se procede)
Recursos humanos e materiais: Perfil e número de persoas implicadas na organización das actividades. Equipamentos e materiais a empregar. (se procede)
Lugar de realización



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

--

Temporalización

Avaliación: Tipo de avaliación e indicadores (se procede)

Publicidade e difusión (medios empregados)

Orzamento: Desagregar os gastos que se solicitan.
--

CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL	
Financiamento solicitado	%

Traxectoria e continuidade da proposta	SI <input type="checkbox"/> Anos de traxectoria_____	NON <input type="checkbox"/>
Coordinación con outras entidades da contorna	SI <input type="checkbox"/> Citar entidades e forma:	NON <input type="checkbox"/>
Uso do galego	SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>
Elementos innovadores	SI <input type="checkbox"/> Citar:	NON <input type="checkbox"/>

Boqueixón, a.....de.....de 2022
O/a presidente/a

CVD: I4hg9Mg4KdcwmgEep399
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Procedemento AXUDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN PARA O ANO 2022	Documento ANEXO III DECLARACIÓN RESPONSABLE
---	---

Don/Dona.....DNI.....
en calidade de.....da Asociación.....
con CIF.....

En relación á solicitude efectuada ao abeiro da convocatoria de subvencións para entidades sen ánimo de lucro no exercicio 2022,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE: (Marca cun X)

Primeiro.

<input type="checkbox"/>	Que a entidade peticionaria que presido non está incurso en ningunha das prohibicións a que se refire o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, polo tanto, cumpre todos e cada un dos requisitos que esta esixe para obter a condición de beneficiaria
--------------------------	--

Segundo. Que esta asociación ten solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade os seguintes ingresos e axudas, tanto as aprobadas como as pendentes de resolución ou as outorgadas por outras administracións ou por outros entes públicos ou privados:

<input type="checkbox"/>	Non ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda
<input type="checkbox"/>	Ten solicitadas ou concedidas as seguintes axudas

Procedencia	Importe

Boqueixón, a....., de.....de 2022

O/a presidente/a da entidade

Asdo.

Procedemento	Documento
--------------	-----------



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

AXUDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN PARA O ANO 2022

**ANEXO IV
CERTIFICACIÓN COMPOSICIÓN XUNTA DIRECTIVA E NÚMERO DE SOCIOS/AS**

Don/
Dona.....
....., con DNI....., en calidade de secretario/a da Asociación.....con CIF.....

CERTIFICA:

Que a actual composición da Xunta Directiva da asociación é a seguinte:

NOME E APELIDOS	DNI	CARGO

Segundo. Que o número de socios/as na actualidade é de.....

Boqueixón, a..... de de 2022

Vº e prace
O presidente

O/a secretario/a



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Procedemento AXUDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN PARA O ANO 2022	Documento ANEXO V BREVE MEMORIA DAS ACCIÓNS REALIZADAS
---	--

Nome da entidade	
Obxecto da subvención	

Descrición das accións realizadas
Poboación beneficiaria: cuantificación e perfil de beneficiarios directos e indirectos
Resultados obtidos: repercusión da subvención nos obxectivos acadados
Lugar de realización
Temporalización
Avaliación: Tipo de avaliación e indicadores (se procede)
Publicidade e difusión (medios empregados)
Memoria fotográfica: (xuntar fotografías)
Uso do galego, elementos innovadores, coordinación con outras entidades (citar cales)

Boqueixón, a.....de.....de 2022

O/a presidente/a



Forte s/n
 15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
 Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
 Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

I

Procedemento AXUDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN PARA O ANO 2022	Documento ANEXO VI CERTIFICACIÓN DO GASTO
---	---

Don/Dona.....

con DNI....., en calidade de secretario/a da Asociación.....

.....con CIF.....

CERTIFICA:

Primeiro. Que se cumpríu a finalidade da subvención para a que foi concedida.

Segundo. Que os gastos executados no obxecto da subvención foron de.....€ segundo os documentos que a continuación se relacionan:

Nº fact	Data factura	Provedor ou emisor	CIF	Concepto	Importe total	Data pagamento	Importe imputado
TOTAL							

Terceiro. Que a porcentaxe de cofinanciamento por parte da entidade foi do _____%.

Boqueixón, a..... de.....de 2022

Vº e Prace O/a presidente/a
 Asdo.

O/a secretario/a
 Asdo.

O/a tesoureiro/a
 Asdo.



Forte s/n
 15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
 Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
 Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Procedemento AXUDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN PARA O ANO 2022	Documento ANEXO VII DECLARACION RESPONSABLE
---	--

Don/Dona.....DNI.....
 en calidade de.....da Asociación.....
 con CIF.....

En relación á solicitude efectuada ao abeiro da convocatoria de axudas para entidades sen ánimo de lucro no exercicio 2022,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE: (Marca cun X)

Primeiro.

<input type="checkbox"/>	Que esta entidade non está incursoa en ningunha das prohibicións a que se refire o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, polo tanto, cumpre todos e cada un dos requisitos que esta esixe para obter a condición de beneficiaria.
<input type="checkbox"/>	Que se levaron a cabo as accións solicitadas e se cumpriron os obxectivos para os que foi concedida a subvención.

Segundo. Que esta asociación ten solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade os seguintes ingresos e axudas, tanto as aprobadas como as pendentes de resolución ou as outorgadas por outras administracións ou por outros entes públicos ou privados:

<input type="checkbox"/>	Non ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda
<input type="checkbox"/>	Ten solicitadas ou concedidas as seguintes axudas

Procedencia	Importe

Boqueixón, a....., de.....de 2022

O/a presidente/a da entidade

Asdo.